

Nª ref.: 6 Educación

Asunto: comunicación sobre envío do certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar para presentar no proceso de admisión de alumnado no curso escolar 2023-2024.

Expediente TEdC Nª.: 2023/X006/000233

Estimada directora:

En anos anteriores o Concello de Cambre enviaba de oficio, aos domicilios das familias con nenos e nenas que ían solicitar praza nun centro escolar ao cumprir os 3 anos, o certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar para presentar como documentación complementaria no centro escolar correspondente dentro do procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria.

Este ano 2023 seguindo as recomendacións que figuran no informe da secretaria xeral municipal establecidas ao efecto tendo en conta o disposto na normativa sobre protección de datos, o Concello non pode facer a expedición de oficio do certificado de empadramento de todas as persoas inscritas nunha vivenda e a remisión ao domicilio sen que se formule solicitude polo/a interesado/a , e sen que conste o consentimento de todas as persoas inscritas no mesmo, polo que serán os interesados os que deberán solicitalo persoalmente no rexistro municipal.

O que informamos para o voso coñecemento.

Un cordial saúdo.

Cambre, á data da sinatura dixital

O concelleiro de Educación, Medioambiente,

Movilidade e Sanidade

Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

(Asinado dixitalmente)

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

ceip.wenceslao@edu.xunta.gal